

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000027.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 10 de xullo de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

XESTIÓN URBANÍSTICA

1. "PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS PARA A EXECUCIÓN DA PARTE DA VÍA DE NOVA APERTURA LATERAL POR CESIÓN DE TERREO NA PARCELA CATASTRAL 6770905PH1667S0001RJ INCLUÍNDO O ENCONTRO COA AV. BENIGNO RIVERA.", PROMOVIDO POR UNA ENTIDADE MERCANTIL.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES LÚDICAS PARA NENOS E NENAS NO MERCADO MUNICIPAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO TRAMITACIÓN ORDINARIA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C003-000011.

3. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS (MECÁNICA PARA VEHÍCULOS DE OBRAS, SERVIZOS E DÚMPERS), EXP. REF. 2024-C003-000010. ADXUDICACIÓN.

4. SEGUNDA PRÓRROGA DOS CONTRATOS CORRESPONDENTES Á CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO EDUCATIVO-ASISTENCIAL E DE COCIÑA-LIMPEZA NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS LUÍS SOTO MENOR (LOTE 1) E MARÍA WONENBURGER (LOTE 2), Exp. 2021/C003/000004.

5. CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DO FESTIVAL "CAUDAL FEST" 2024. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2024/C005/000004.

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE IMPRENTA (RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL), EXP. REF. 2022/C004/000011. SEGUNDA PRÓRROGA.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

7. ACORDO DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL Á DIOCESE DE LUGO PARA A REHABILITACIÓN DA CUBERTA DA CAPELA DO CARME.

8. PROPOSTA DE ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN PARA MANTEMENTO DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

MERCADOS

9. RESTRUTURACIÓN DO ESPAZO DO MERCADO DE FRIGSA E TOMA DE RAZÓN DE RENUNCIA DO POSTO NÚM. 96.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Secretaria xeral do Pleno, en substitución do Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,